

EIP ON AHA TWINNING 2022 - GALICIA & PORTO (PORTUGAL)

Galicia acadou, xunto coa rexión de Porto (Portugal), unha das iniciativas de irmandade da **European Innovation Partnership on Active and Healthy Ageing EIP on AHA** (coñecida como “Twinning”), que financia a Comisión Europea, e que serven para levar a cabo actividades de intercambio de coñecemento.

A actividade basease no intercambio de coñecemento no eido dos living labs en saúde. Así, os irmáns de Portugal coñeceron o funcionamento do living lab de saúde do Hospital Universitario de Ourense do Servizo Galego de Saúde, e os profesionais do Hospital de Ourense e da ACIS coñeceron o Centro de Investigación, Diagnóstico, Formación e Acompañamento das Demências (CIDIFAD).

Grazas á iniciativa Twinning o grupo de traballo formado por Galicia e Porto levaron a cabo accións conxuntas, reunións e transferencia de coñecemento en torno aos living labs de saúde.

Rexións participantes:

- **Galicia:** Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras do Servizo Galego de Saúde & Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS)
- **Porto (Portugal):** Centro de Investigación, Diagnóstico, Formación e Acompañamento das Demências (CIDIFAD)

Orzamento: 5.000 euros

CONTIDOS RELACIONADOS

Galicia xunto coa rexión do Porto logra unha das iniciativas de irmandamento no campo do envellecemento activo e saudable financiadas pola Comisión Europea

Asociación Europea para a Innovación sobre o Envellecemento Activo e Saudable (EIP on AHA)

O Hospital Universitario de Ourense acolle a xornada de irmandamento entre Galicia e a rexión portuguesa de Porto para coñecer o living lab da rede LABSAÚDE	>
Persoal do Hospital Universitario de Ourense e da ACIS participan na visita ao Centro de Investigación, Diagnóstico, Formación e Acompañamento das Demências (CIDIFAD) no marco do irmandamento europeo entre Galicia e a rexión portuguesa do Porto	>